



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** vén de publicar a convocatoria para a posta en marcha e impulso de **Unidades Mixtas de Investigación** correspondente a 2015 a través do **Diario Oficial de Galicia do luns 23 de febreiro**. Durante o 2014 constituíronse **8 unidades mixtas** en Galicia, o que motivou á Xunta a publicar unha segunda convocatoria no prazo de menos dun ano.

Os **obxectivos** desta convocatoria son **crear e impulsar grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e empresas** que se convertan en catalizadores do desenvolvemento de liñas de I+D+i; desenvolver **proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento**; poñer en valor dos **grupos de investigación**; aproximar os **organismos de investigación á empresa**; atraer a Galicia liñas de I+D+i; e incentivar a **transferencia de resultados de I+D+i** ao mercado.

Os destinatarios destas axudas son **organismos de investigación de Galicia** que acrediten ter captado o interese dunha empresa para desenvolver proxectos de innovación conxuntos durante un periodo mínimo de 3 anos. Considéranse organismos de investigación susceptibles de ser beneficiarios desta convocatoria os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación de Galicia, as universidades do Sistema Universitario de Galicia, os centros en Galicia do CSIC e do IEO, as fundacións de investigación sanitaria e outros organismos de investigación. Ademais, as unidades mixtas deberán ter entidade física propia, un orzamento mínimo de 2 millóns de euros para un periodo de 3 anos e estar centradas nunha área de investigación que esté aliñada cos **retos e prioridades da RIS3**.

A dotación total da convocatoria ascende a **9 millóns de euros** a distribuír en catro anualidades, 2015-2018. O importe máximo de cada unha das axudas será de 1,5 millóns de euros e a intensidade media sitúase no 30% do orzamento total da unidade.

O prazo para a presentación de solicitudes **pecha o 23 de marzo de 2015**. As bases completas da convocatoria, así como o acceso á plataforma electrónica de presentación de solicitudes e aos modelos normalizados de presentación da documentación están accesibles a través da **páxina web de GAIN**. Ademais, GAIN pon á túa disposición un correo electrónico, xestion.gain@xunta.es, e un teléfono, 981 54 10 96, para atender as túas consultas.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.